



Veciñanza lamenta o ataque do BNG ao colexio de Cuntis e esixe responsabilidades políticas

O concelleiro José Enrique Portela non pode seguir sendo o representante municipal no Consello Escolar. Veciñanza esíxelle ao Alcalde Manuel Campos que o cese desa responsabilidade.

Cuntis, 9 de xuño de 2016. En relación coas acusacións feitas no día de onte polo BNG de Cuntis, nas que denunciaba “*o reparto de material do grupo político Veciñanza*” no CPI Don Aurelio, queremos facer públicas as seguintes consideracións:

- **Os feitos que se describen son totalmente alleos a Veciñanza.** Como calquera pode comprender, Veciñanza **non é responsable do uso que terceiras persoas poidan facer do contido que está publicado nas redes sociais.** Neste aspecto, as difamacións feitas cara a esta asemblea veciñal non teñen fundamento ningún e parten máis dunha consideración mediocre da confrontación política que da honestidade esixible a calquera grupo con representación na Corporación.
- O comunicado feito público xa no día de onte (mércores 8) polo CPI Don Aurelio aclara sen ningún tipo de dúbida todo o acontecido, e demostra que se trata dunha **polémica artificial artellada con fins partidistas,** ao tempo que lle fai **un dano importante á imaxe do colexio público de Cuntis.**
- Non é a primeira vez nesta legislatura que dende o goberno municipal se mestura o CPI Don Aurelio na discusión política, pero nesta ocasión **a falta de escrúpulos e a indecencia deste ataque á imaxe do colexio non pode causar máis que indignación.**
- Lamentamos que o BNG, que ostenta a responsabilidade da área municipal de educación, no canto de adicarse a traballar na súa función de goberno se adique a **exhibir compulsivamente un complexo de inferioridade** que non ten razón de ser. Lamentamos, así mesmo, que os veciños e veciñas de Cuntis teñan que padecer **un comportamento tan infantil** por parte de quen deba xestionar as áreas que lle foron atribuídas polo Alcalde de Cuntis. Lamentamos que a única obsesión do BNG de Cuntis sexa todo canto ten que ver con Veciñanza e con aqueles que non comulgan coas súas frustracións.
- Os feitos aos que facemos referencia son da suficiente gravidade como para que o Alcalde de Cuntis tome cartas no asunto. **Esixímoslle o cese inmediato do concelleiro José Enrique Portela como representante municipal no Consello Escolar.** Despois deste ataque por parte da súa formación política, e como responsable do mesmo, queda totalmente inhabilitado para exercer de interlocutor válido e representante municipal ante a comunidade educativa.